

AS NOSAS SENLLEIRAS



AS NOSAS SENLLEIRAS

Tulipeiros, magnolias, carballos, casuarinas, freixos... Pontevedra é unha provincia onde o azul do mar e as pedras con historia combinan co verde dos campos, xardíns e arboredos. Entre eses milleiros de troncos e follas, que a metade do ano abalan nas copas tocando o ceo e a outra metade cobren o chan, hai unhas árbores moi especiais que gardan historias que nos queren contar só a cambio de que, entre todas e todos, non as deixemos nunca de coidar.

Que é unha árbore senlleira?

Teñen a consideración de senlleiras as árbores ou as formacións de calquera especie, tanto autóctona coma foránea, situadas en terreos de propiedade pública ou privada, que, polas súas características extraordinarias ou destacables (tamaño, idade, significación histórica ou cultural, rareza, beleza), son consideradas reliquias botánicas con valor natural, científico, cultural, didáctico, paisaxístico ou ornamental e merecedoras de especial protección e respecto veciñal.

Na provincia de Pontevedra contamos na actualidade con 50 árbores senlleiras e 12 formacións de 42 especies botánicas.

Como pode catalogarse unha árbore como senlleira?

Poden solicitar a catalogación aquelas persoas propietarias das árbores ou formacións, as administracións públicas e os centros de investigación ou asociacións de entidades privadas ou públicas que teñan entre os seus fins a protección da natureza. Soamente hai que presentar o modelo de solicitude acompañado dunha memoria e de toda a información adicional da súa condición de senlleira.


Despois de que as e os expertos do Comité de Árbores Senlleiras realicen a súa avaliación, se resulta seleccionada pasará a incluírse no Catálogo galego de árbores senlleiras da Xunta de Galicia (Decreto 67/2007, de 22 de marzo, modificado polo Decreto 10/2015, de 22 de xaneiro).

Están máis protexidas as árbores senlleiras?

Estas árbores singulares considéranse protexidas para todos os efectos, o que implica a prohibición de calquera acción que poida afectar negativamente á súa integridade, saúde ou aparencia. Posuirán, ademais, unha protección legal que tamén afectará ao seu ámbito inmediato, e as persoas propietarias, no caso de habelas, terán axuda oficial para coidalas.

A natureza vive con nós. Coida todas as árbores para que poidan estar protexidas, e se atopas unha senlleira, estás de sorte! Obsérvaa e escóitaa con atención!

COÑECE AS ÁRBORES SENLLEIRAS DA TÚA PROVINCIA



ESPECIE	NOME COMÚN	CONCELLO	LOCALIZACIÓN
<i>Abies alba</i>	Abeto branco de Carballal	A Estrada	42.625846, -8.473013
<i>Camellia reticulata</i>	Camelia reticulada do pazo de Oca	A Estrada	42.745822, -8.394473
<i>Cryptomeria japonica</i> 'elegans'	Criptomeria elegante do pazo de Oca	A Estrada	42.745760, -8.395037
<i>Quercus suber</i>	Sobreira de Balboa	A Estrada	42.757455, -8.399025
<i>Quercus suber</i>	Sobreira do pazo de Valiñas	A Estrada	42.692346, -8.444662
<i>Buxus sempervirens</i>	Buxal do pazo de Oca	A Estrada	42.745282, -8.395597
<i>Tilia platyphyllos</i>	Carreira de tileiros do pazo de Oca	A Estrada	42.744010, -8.395259
<i>Quercus robur</i>	Carballo do Pelete	A Lama	42.435520, -8.386454
<i>Araucaria angustifolia</i>	Araucaria do Brasil do Parque-Xardín de Caldas de Reis	Caldas de Reis	42.603661, -8.640401
<i>Cunninghamia lanceolata</i>	Cunninghamia do Parque-Xardín de Caldas de Reis	Caldas de Reis	42.604077, -8.640713
<i>Quercus robur</i>	Carballeira de Caldas de Reis	Caldas de Reis	42.603335, -8.639456
<i>Araucaria heterophylla</i>	Araucarias de Cambados	Cambados	42.517452, -8.814722
<i>Quercus suber</i>	Sobreiral de Magán	Cuntis	42.666236, -8.600718
<i>Cunninghamia lanceolata</i>	Cunninghamia do pazo de Gondomar	Gondomar	42.106358, -8.761836
<i>Castanea sativa; Quercus robur</i>	Fraga de Catasós	Lalín	42.635833, -8.095278
<i>Quercus robur</i>	Carballo de Bermés	Lalín	42.719550, -8.135813
<i>Quercus robur</i>	Carballo de Vilatuxe	Lalín	42.614370, -8.188991
<i>Quercus robur</i>	Carballo de Soutolongo	Lalín	42.621111, -8.143333
<i>Cupressus macrocarpa</i>	Ciprés de California do pazo de Quintáns	Meis	42.536924, -8.715262
<i>Quercus robur</i>	Carballo da Portela	Mondariz	42.256395, -8.409997
<i>Ficus carica</i>	Figueira do Meco	O Grove	42.469175, -8.878611
<i>Quercus suber</i>	Sobreiras do Faro	Oia	42.043845, -8.853358
<i>Fraxinus angustifolia</i>	Freixo de folia estreita de Alvarín	O Porriño	42.151462, -8.600422
<i>Pinus pinea</i>	Piñeiros mansos do Rosal	O Rosal	41.934743, -8.828910
<i>Metrosideros robusta</i>	Metrosidero da finca de Besada	Poio	42.432123, -8.663043
<i>Araucaria bidwillii</i>	Araucaria da Carballeira	Pontevedra	42.405166, -8.643328
<i>Castanea crenata</i>	Castiñeiros xaponeses	Pontevedra	42.407794, -8.664734
<i>Castanea mollissima</i>	Castiñeiros chineses	Pontevedra	42.407279, -8.665549
<i>Cedrus deodara</i>	Cedros do Himalaia dos xardíns de Vicenti	Pontevedra	42.429861, -8.646887
<i>Cedrus libani</i>	Cedro do Líbano do pazo de Lourizán	Pontevedra	42.409487, -8.664755
<i>Corylus avellana</i>	Abeleira do pazo de Lourizán	Pontevedra	42.410432, -8.664212
<i>Cryptomeria japonica</i>	Criptomeria xaponesa do pazo de Lourizán	Pontevedra	42.407469, -8.665271
<i>Quercus robur</i>	Carballo da capela de Santa Margarida	Pontevedra	42.437477, -8.626463
<i>Metasequoia glyptostroboides</i>	Metasequoia do pazo de Lourizán	Pontevedra	42.409044, -8.664605
<i>Sequoia sempervirens</i>	Sequoia vermella do pazo de Lourizán	Pontevedra	42.409487, -8.664755
<i>Sophora japonica</i>	Sófora xaponesa do pazo de Lourizán	Pontevedra	42.409871, -8.665165
<i>Buxus sempervirens</i>	Carreira de buxos da illa de San Simón	Redondela	42.307011, -8.628182
<i>Calocedrus decurrens</i>	Calocedro do pazo de Torrecedeira	Redondela	42.279404, -8.627885
<i>Camellia japonica</i>	Camelias do pazo de Torres de Agrelo	Redondela	42.292078, -8.600992
<i>Camellia sasanqua</i>	Camelia sasanqua do pazo de Torres de Agrelo	Redondela	42.291179, -8.601070
<i>Quercus suber</i>	Sobreira do Cristo de Arriba	Redondela	42.282722, -8.593182
<i>Thuja plicata</i>	Tuía xigante do pazo de Torres de Agrelo	Redondela	42.291869, -8.600529
<i>Eucalyptus globulus</i>	Carreira de eucaliptos do pazo de Barrantes	Ribadumia	42.497020, -8.776979
<i>Pinus pinaster</i>	Piñeiro de Alxén	Salvaterra de Miño	42.115202, -8.516162
<i>Quercus suber</i>	Sobreira de Siador	Silleda	42.679722, -8.240831
<i>Araucaria araucana</i>	Araucaria araucana do castelo de Soutomaior	Soutomaior	42.329571, -8.567214
<i>Chamaecyparis lawsoniana</i>	Cameciparis de Lawson do castelo de Soutomaior	Soutomaior	42.329564, -8.568455
<i>Cryptomeria japonica</i>	Criptomeria do castelo de Soutomaior	Soutomaior	42.329596, -8.566788
<i>Sequoia sempervirens</i>	Sequoia vermella do castelo de Soutomaior	Soutomaior	42.329701, -8.566615
<i>Camellia japonica</i>	Camelia Matusalén do pazo de Castrelos	Vigo	42.213034, -8.727923
<i>Casuarina equisetifolia</i>	Casuarina da Alameda da praza de Compostela	Vigo	42.239207, -8.722716
<i>Eucalyptus globulus</i>	Eucaliptos do pazo de Castrelos	Vigo	42.210610, -8.729031
<i>Fagus sylvatica</i>	Faia do pazo de Castrelos	Vigo	42.214980, -8.728229
<i>Liriodendron tulipifera</i>	Tulipeiro de Virxinia do pazo de Castrelos	Vigo	42.212470, -8.728411
<i>Olea europaea</i>	Oliveira do paseo de Alfonso XII	Vigo	42.236927, -8.728124
<i>Phytolacca dioica</i>	Ombú do IES do Castro	Vigo	42.228020, -8.725657
<i>Araucaria heterophylla</i>	Araucaria excelsa do pazo de Rubiáns	Vilagarcía de Arousa	42.578129, -8.733039
<i>Cinnamomum camphora</i>	Alcanforeiros do pazo de Rubiáns	Vilagarcía de Arousa	42.579376, -8.734301
<i>Eucalyptus globulus</i>	Eucaliptos do pazo de Rubiáns	Vilagarcía de Arousa	42.577610, -8.732872
<i>Magnolia grandiflora</i>	Magnolias grandifloras do pazo de Rubiáns	Vilagarcía de Arousa	42.578261, -8.733275
<i>Taxodium distichum</i>	Taxodio do xardín de Artime	Vilagarcía de Arousa	42.606438, -8.766432
<i>Salix atrocinerea</i>	Salgueiro da braña de Xafardán	Vilanova de Arousa	42.543450, -8.792826
<i>Pinus pinea</i>	Piñeiro manso do pazo do Cabido	Vilanova de Arousa	42.563121, -8.717342

